


# GUÍA DIDÁCTICA DE *PEAXES*

**Autor:** Santiago Lopo

**Editorial:** Xerais, 2009.

\*Data de entrega: haberá que enviar o traballo por correo electrónico á miña dirección ([mrosales@unizd.hr](mailto:mrosales@unizd.hr)) antes do 20 de xaneiro en formato *pdf*. Deberá constar o encabezado para cada pregunta.



## EXERCICIOS SOBRE A LECTURA

- O autor

- a) Busca información sobre o autor, Santiago Lopo, e escribe unha pequena biografía (lembra que para escribir biografías hai que empregar o pretérito).
- b) Que xéneros literarios cultiva?
- c) Aparte de escribir, a que outras actividades se dedica?

- O narrador

- a) Trátase dun narrador interno ou externo? Xustifica a túa resposta.
- b) Que sabemos del (nome, estudos, se está solteiro, que lle gusta, como é o seu carácter...)?
- c) Onde traballa? Está contento co seu traballo? Como pasa o tempo?
- d) Ao longo da novela o narrador expón a súa opinión sobre unha serie de temas actuais: a televisión, o paro, o servizo militar, a soidade, o consumismo...

Busca no libro (*pp. 20, 40, 41, 54, 66...*) e explica a súa postura sobre estes temas.

- Estás de acordo con el? Expón a túa opinión.
- e) Aínda que en xeral o narrador parece unha persoa pesimista, tamén hai cousas que lle dan enerxía positiva. Cales son?

- f) Podemos entender esta novela como case un monólogo constante. Hai algún momento no que o narrador contacte ou faga referencia ao lector?
- g) Cres que o narrador é unha persoa culta? Por que?
- No texto aparecen moitas referencias a música, películas ou escritores. Atopa polo menos 3 e explica a que fan referencia e por que se empregan.
- Outras personaxes
    - a) Aparte do narrador, que outras personaxes aparecen na novela? Que sabemos deles? Reúne e ordena tanta información como poidas sobre cada un deles (aspecto físico, vestimenta, gustos, traballo, situación persoal...).
    - b) Sabemos os seus verdadeiros nomes? Como elixe o narrador os seus nomes? Que relación ten con eles?
    - c) Algunha vez vense fóra do traballo? Onde e por que?
    - d) Cales das hipóteses que o narrador tiña no comezo sobre as outras personaxes resultaron non ser certas?
  - O tempo e o espazo:
    - a) En que espazo transcorre a acción? Que pistas atopamos no texto para situar a peaxe na que traballa?
    - b) Ás veces o narrador refírese á cabina na que traballa con outras expresións coma *gaiola* ou *tobeira*. Busca o significado destas palabras e decide se teñen connotacións positivas ou negativas. Por que os compara?
    - c) En que momento podemos situar a acción? Cres que se trata dunha novela ambientada no pasado ou ten lugar na actualidade? Por que?

## EXERCICIOS SOBRE A LINGUA E A CULTURA

1. Localiza no texto 5 palabras que non coñezas, busca o seu significado no dicionario e logo explícaas coas túas palabras.
  - Busca máis información sobre a palabra *mileurista* (p. 58). A que se refire? Como naceu? Como a traducirías ao croata?
2. Busca sinónimos para estas palabras. Fíxate en que algúns verbos están conxugados:
  - *Mágoa* (p. 9)
  - *Matinando* (p. 12)
  - *Trebello* (p. 19)
  - *Abofé* (p. 28)
  - *Chistaron* (p. 32)
  - *Guedellas* (p. 35)
  - *Arrepiado* (p. 38)
  - *Ledicia* (p. 44)
  - *Trabucarse* (p. 54)
  - *Acougar* (p. 65)
  - *Lisquei* (p. 70)
  - *Faciana* (p. 75)
3. Explica que significan estas expresións:
  - *De esguello* (p. 14)
  - *Un can de moitos cuncos* (p. 19)
  - *Mallaron en ti como en centeo verde* (p. 26)
  - *Non ter papas na boca* (p. 31)
  - *A velas vir* (p. 37)
  - *Ter o as para o tres* (p. 56)
  - *Seica che fixo a boca un cura* (p. 79)
  - *Pónme fóra do cacho* (p. 84)

4. Explica a que se debe a confusión do narrador sobre a tenda *Zara Home* (p. 66).
  
5. Le estes dous fragmentos tirados do libro e explica a que se refire en cada caso. Cres que no primeiro caso está a falar en serio ou está sendo sarcástico?
  - Para evitar conflitos lingüísticos entre comunidades diglósicas, ou para censurar a lingua que se resistiu tantas noites pétreas, o mellor é utilizar o latín, o noso idioma primixenio: volvamos ás raíces, a ver quen ousa dicirnos algo.
  
  - — [...] Pero que conste que eu odio máis a dieta mediterránea cá ianqui. Tanta leituguiña e tanto tomatíño...
    - Non me estraña. Que se quiten as dúas diante dunha boa empanada e un polbo á feira. En Galicia comemos como abades.
    - [...] Ao carallo coa dieta mediterránea, co ben que entra un cocido regado con Barrantes... Nós somos atlánticos, ho!

## **AGORA ESCRIBE TI!\***

1. Fai un resumo da novela en non máis de 5 liñas.
2. Cal é a túa personaxe favorita? Por que?
3. Imaxina agora que traballas na peaxe. Escribe un día normal ao modo en que fai o narrador da novela.
4. Cal é a túa opinión sobre a novela? Gustouche? Xustifica a túa resposta.
5. Redacta un texto no que expoñas a túa opinión sobre vantaxes e inconvenientes dos traballos rutineiros.

**\*(todos os exercicios deste bloque, agás o número 1, deben ter unha extensión de máis de 60 palabras).**